

Sarria, 29 de xuño de 2018

Reuniuse o xuri do XVIII Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño, composto por Cesáreo Sánchez Iglesias, Eli Rios e Lucía Novas, actuando como presidenta a concelleira de cultura de Sarria, Mónica López e como secretaria a presidenta de Ergueitos, María Casar.

Por unanimidade acordouse conceder o XVIII Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño á obra presentada baixo o lema VOCES ÁGRAFAS

Neste poemario o xuri destacou a construción dun mundo poético dentro dun cosmos concreto no que se desenvolve a épica da resistencia dunha muller no seu vivir diario.

Fragmentos do cotián convertidos en versos de fulgor poético no que as mulleres invisibles dan forma á súa propia voz.

Aberta a plica en acto público celebrado ás 17:30 horas a obra presentada baixo o lema AS VOCES ÁGRAFAS resultou ser da autoría de Enma Pedreira.

Cesáreo Sánchez Iglesias

Eli Rios

Lucía Novas

Mónica López

María Casar